

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO**

ORDE do 29 de decembro de 2021 pola que se establece a compensación económica aos colexios de procuradores de Galicia polas actuacións dos seus colexiados no ámbito da asistencia xurídica gratuíta durante o cuarto trimestre de 2021 e o primeiro, segundo e terceiro trimestres de 2022.

O artigo 24 da nosa Constitución garántelles a todas as persoas o dereito fundamental a obterem a tutela efectiva dos xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos. Este dereito fundamental complementábase co disposto no artigo 119 da Carta Magna, onde se establece que a xustiza será gratuíta cando así o dispoña a lei e, en todo caso, respecto de quen acredite insuficiencia de recursos para litigar.

Coa entrada en vigor da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, esta materia foi obxecto dunha fonda reforma, e como consecuencia do Real decreto 2166/1994, do 4 de novembro, polo que a Administración do Estado lle transferiu a Galicia os medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de xustiza, entre os cales se atopa o aboamento da indemnización económica para compensar os colexios de avogados e de procuradores dos tribunais polas actuacións dos seus colexiados no ámbito da asistencia xurídica gratuíta, a Comunidade Autónoma galega realizou o desenvolvemento normativo da dita Lei 1/1996, nun primeiro momento a través do Decreto 146/1997 e posteriormente, coa pertinente reforma deste para a súa necesaria adaptación ao contexto actual, mediante o vixente Decreto 269/2008, do 6 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de asistencia xurídica gratuíta de Galicia, modificado polo Decreto 138/2012, do 21 de xuño, e mais polo Decreto 134/2017, do 7 de decembro.

Por outra banda, con data do 23 de decembro de 2021 deuse conta ao Consello da Xunta de Galicia do Acordo alcanzado co Consello Galego dos Procuradores para establecer o baremo da compensación económica da asistencia xurídica gratuíta destes profesionais, cun ámbito temporal que abrangue desde o 1 de outubro de 2021 ata o 30 de setembro de 2025.

Así mesmo, a Orde do 2 de agosto de 2012 desenvolve a regulación das certificacións e xustificacións trimestrais establecidas no Decreto 269/2008, do 6 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de asistencia xurídica gratuíta de Galicia.



En consonancia co anteriormente exposto,

DISPOÑO:

Primeiro. Durante o cuarto trimestre do ano 2021 e o primeiro, segundo e terceiro trimestres de 2022, as cantidades do baremo da compensación económica da asistencia xurídica gratuita serán as especificadas no anexo da presente orde. Estas cantidades deberán ser certificadas trimestralmente polos colexios de procuradores, seguindo estritamente a ordenación de tipoloxías recollidas no modelo que figura no anexo da presente orde, de acordo cos artigos 38.3 e 44 do Decreto 269/2008 polo que se aproba o Regulamento de asistencia xurídica gratuita de Galicia, e tendo en conta o disposto nos puntos primeiro, segundo e terceiro da Orde do 2 de agosto de 2012.

Segundo. Os procuradores percibirán o 100 % da compensación económica correspondente á súa actuación profesional cando acrediten a realización dalgún dos seguintes trámites procesuais:

a) Nos procesos penais, a presentación da copia da dilixencia ou solicitude da actuación procesual en que interveña o procurador, ou a apertura do xuízo oral.

b) Nos procesos civís, a presentación da copia da resolución xudicial de admisión da demanda ou de ter por formulada a súa contestación.

c) Nos demais procesos, a presentación da copia da dilixencia xudicial acreditativa da intervención do procurador dos tribunais.

d) Nas apelacións civís, a presentación da copia da resolución xudicial pola cal se admite a trámite o recurso ou, se procede, a comparecencia ante a sala.

e) Nas apelacións penais, a presentación da copia da resolución xudicial en que se teña por formalizado ou impugnado o recurso ou o sinalamento para a vista.

f) Nos recursos de casación formalizados, a presentación da copia da resolución xudicial pola cal se teña por interposto o recurso.

g) Nos anuncios de recurso de casación que non chegan a ser formalizados, a presentación da copia do anuncio do recurso, debidamente xustificada.



h) Nas execucións de sentenzas que se produzan transcorridos máis de dous anos despois de ditada a resolución xudicial, a presentación da copia de petición de execución, debidamente acreditada.

Os documentos referidos poderán ser substituídos por copia selada polo órgano xudicial da primeira folla do escrito presentado.

Terceiro. En cumprimento do establecido no artigo 44.1 do Decreto 269/2008, do 6 de novembro, e do disposto na Orde do 2 de agosto de 2012, dentro do mes natural seguinte ao da finalización de cada trimestre o colexio de procuradores remitiralle á Dirección Xeral de Xustiza unha certificación que conteña os datos relativos ás actuacións realizadas polos profesionais durante ese período nas cales exista recoñecemento expreso do dereito á asistencia xurídica gratuíta, así como a relación desagregada a que fai referencia a Orde do 2 de agosto de 2012.

Cuarto. En cumprimento do establecido no artigo 48 do Decreto 269/2008, do 6 de novembro, e segundo o disposto na Orde do 2 de agosto de 2012, os colexios de procuradores deberán remitir a xustificación trimestral dos fondos percibidos a que se refire o artigo 47 do dito Decreto 269/2008.

Quinto. Cando un procedemento xudicial teña carácter excepcional e extraordinario, no cal a actuación do procurador supere notablemente a carga de traballo que se pode considerar ordinaria para cada tipo de procedemento, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e o correspondente colexio de procuradores poderán formalizar un convenio cuxa finalidade sexa articular os medios técnicos, materiais, humanos ou económicos precisos para facer posible en óptimas condicións a representación xurídica de quen teña recoñecido o dereito de asistencia xurídica gratuíta, de modo que se garanta a tutela xudicial efectiva de acordo co establecido no artigo 24 da Constitución española.

Disposición adicional

A presente orde tramítase ao abeiro do disposto na Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto (modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001), e a súa eficacia queda sometida á condición suspensiva da existencia de crédito suficiente para financiar as obrigas derivadas dela.



Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2021

Alfonso Rueda Valenzuela
Vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo

ANEXO

Módulos e bases da compensación económica Baremos para o período comprendido entre o 1 de outubro de 2021 e o 30 de setembro de 2022

Xurisdición penal.

Código	Denominación	Módulo
101	Procedemento ante o xulgado de instrución en sumarios ou causas perante o tribunal do xurado	43,60 €
102	Intervención ante o xulgado de instrución en procedementos abreviados de especial complexidade (actuacións de máis de 1.000 folios) e en procedementos abreviados de violencia de xénero	53,20 €
103	Intervención ante o xulgado de instrución en procedementos abreviados	26,17 €
104	Intervención ante o xulgado de instrución en xuízos rápidos	32,21 €
105	Xuízo oral ante a audiencia provincial	29,97 €
106	Xuízo oral ante o xulgado do penal	29,33 €
107	Procedemento sobre delitos leves (*)	32,55 €
108	Recurso de apelación	36,61 €
109	Procedemento ante o xulgado de vixilancia penitenciaria (*)	30,51 €

Xurisdición civil.

Código	Denominación	Módulo
201	Procedemento ordinario	50,85 €
202	Xuízo verbal e procesos especiais en que resulte preceptiva a intervención de procurador	40,68 €
203	Proceso de familia contencioso (completo)	55,94 €
204	Proceso de familia de mutuo acordo	40,68 €
205	Medidas provisionais previas e coetáneas en procesos de familia	26,85 €
206	Modificación de medidas definitivas en procesos de familia	52,89 €
208	Execución de títulos xudiciais con oposición ou posteriores a dous anos	36,60 €
209	Recurso de apelación tramitación ante a instancia	21,36 €
210	Recurso de apelación tramitación ante a audiencia	15,26 €
211	Execución de títulos non xudiciais	37,57 €
212	Xurisdición voluntaria cando a súa intervención resulte preceptiva	35,60 €



Xurisdición contencioso-administrativa.

Código	Denominación	Módulo
301	Recurso contencioso-administrativo (*)	40,68 €
302	Recurso de apelación (*)	36,61 €

Xurisdición social.

Código	Denominación	Módulo
401	Proceso da xurisdición social (*)	40,68 €
402	Recurso de suplicación (*)	36,61 €

Xurisdición militar.

Código	Denominación	Módulo
501	Proceso íntegro	40,68 €

Recursos de casación e outros extraordinarios.

Código	Denominación	Módulo
606	Recurso de casación e outros extraordinarios ante tribunais de Galicia	40,68 €

Normas xerais.

Código	Denominación	Módulo
701	Execución de sentenza posterior aos dous anos de ditada a resolución xudicial, agás a xurisdición civil	25,43 €
702	Medidas cautelares e dilixencias preliminares cando a súa intervención resulte preceptiva	20,34 €
703	Reconvención	30,00 €

(*) Cando a intervención do procurador sexa requirida expresamente pola autoridade xudicial de conformidade co artigo 6.3 da Lei 1/1996, de asistencia xurídica gratuíta.

Compensación aos colexios de procuradores por designacións excepcionais:

Naqueles supostos en que non sexa posible a atención ordinaria da representación gratuíta por procuradores con despacho no propio partido xudicial, compensarase anualmente o colexio respectivo, a través do Consello Galego de Procuradores, coa cantidade de 15 € por expediente –ata un máximo de 4.000 € anuais para todos os colexios–, polo desprazamento que supón a designación de procuradores doutro partido xudicial para garantir a prestación continuada do servizo.

